



Resolución do 16 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se corrixe a Resolución do 15 de marzo de 2008 pola que se convocaba concurso de traslado entre funcionarios dos corpos e escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza nesta comunidade.

Advertidos erros na Resolución do 15 de marzo (DOG e BOE do 04/04/2008), pola que se convocaba a concurso de traslado prazas vacantes e de nova creación entre funcionarios dos corpos y escalas de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo o establecido no artigo 105 da Lei 4/99, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcríbense a continuación as oportunas rectificacións:

1.- Engadir ao anexo I como vacantes as seguintes prazas, que estaban relacionadas inicialmente na relación de resultas, e en consecuencia aqueles funcionarios que solicitaron na súa instancia orixinal ditas prazas considerárase que o fixeron en calidade de vacantes e as súas posibles resultas:

Vacantes - Corpo: tramitación procesual e administrativa

ÓRGANO XUDICIAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	Nº ORDE DE CONVOCATORIA	VACANTES	IDIOMA
FISCALIA A CORUÑA	A CORUÑA	A CORUÑA	04248	1	SI
RXTO. CIVIL EXCLUSIVO VIGO	VIGO	PONTEVEDRA	13871	3	SI

Vacantes -Corpo: auxilio xudicial

ÓRGANO XUDICIAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	Nº ORDE DE CONVOCATORIA	VACANTES	IDIOMA
XDO. 1ª INSTANCIA Nº 5 VIGO	VIGO	PONTEVEDRA	04327	1	SI

2.- Eliminar vacante, que permanece no anexo I, pero reducindo o número de prazas, no senso seguinte:

Onde di: Vacantes - corpo: auxilio xudicial

ÓRGANO XUDICIAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	Nº ORDE DE CONVOCATORIA	VACANTES	IDIOMA
XDO. 1ª INST. E INSTR. N. 4	CAMBADOS	PONTEVEDRA	13343	2	SI



Debe dicir: Vacantes - corpo: auxilio xudicial

ÓRGANO XUDICIAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	Nº ORDE DE CONVOCATORIA	VACANTES	IDIOMA
XDO. 1ª INST. E INSTR. N. 4	CAMBADOS	PONTEVEDRA	13343	1	SI

Aqueles funcionarios interesados na solicitude das ditas prazas incluídas como novas vacantes ou resultas, ou que desexen refacer a súa instancia á vista das modificacións producidas, poderán presentar unha nova solicitude de participación, quedando automaticamente anulada a enviada anteriormente, no prazo de cinco días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado, sen que se modifiquen os números de orde das restantes prazas anunciadas como vacantes ou resultas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante a directora xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contaránse desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008

A directora xeral de xustiza, Begoña Santos Fernández